

Barbeiros



Barbeiro

O oficio de barbeador é moi antigo e ademáis de cortar barbas e cabelos era mellor considerado como o que antigamente se chamaba cirurxán sacamoas. Ademáis de atender os requirimentos particulares por estes asuntos tamén adoitaban acudir ás feiras para exercer estas misións. Neste papel andiveron ata finais do século XIX en que os odontólogos ou dentistas titulados, despois duns anos de pugna por intrusismo, conseguen erradicalos.

Xa coa entrada do século XX, sen decaer o nome de barbeiros, comezan a denominarse como perruqueiros, nome antigo proviñente dos que arranaxaban as perrucas usadas por nobres e fidalgos para evitaren os piollos. Xa con este nome e oficio, os primeiros que exercen en Bueu son Francisco Currás e Antonio Dopico. Poucos anos despois, cara a 1905, entran neste oficio Generoso Otero, Prisciliano Piñeiro e Santiago Rodríguez, este por pouco tempo.



En 1913 xa había que saber idiomas para ir ao barbeiro

Zapateiros



Zapateiro

A mediados do século XVIII, os zapateiros, como tales, eran catro os que exercían en Beluso e outros tantos en Cela, pero en Bueu eran sete os que combinaban esta profesión coa de curtidores, habendo en Cela outros dous que tamén curtían peles.

Xa a finais do século XIX eran tres os zapateiros rexistrados en Bueu: Ramón Campos, Manuel Padín e Domingo Tomé e logo en 1901 xa co nome de zapateirías, traballan, ademáis dos anteriores, Benito Campos, Jacinto González, Alejandro López, José Benito Miranda, Cándido Moledo, José Otero e Manuel Otero. En 1902 tamén vai abrir o seu obradoiro Ramón Campos co que xa van ser once os dedicados a este oficio, un número excesivo para a poboación do concello nestas datas.

Xa que logo e por lóxica, algúns deixarían de exercer e na altura de 1908 a nómina redúcese a oito: Benito Campos, Ramón Campos, Jacinto González, José Benito Miranda, Cándido Moledo, José Otero, Manuel Otero e Domingo Tomé que abre nestas datas. Contodo, a nómina seguía sendo avultada e como nas feiras comeza a venderse calzado feito, desde 1910 só traballan neste oficio Ramón Campos, Manuel Otero e Domingo Tomé.

Ferreiros



Ferreiro

O oficio de ferreiro debe o seu nome á arte de domeñar o ferro na zafra e a bigornia coa axuda do lume e das ferramentas. Arredor do 1879 traballaban neste oficio en Bueu, Manuel Agulla, Francisco Fernández, José M^a García e José Vilas e en Cela Ventura Reino.

En 1883, José Vilas e logo Ramón García van trasladarse a Cela competindo no oficio con Ventura. Ata o ano 1898 seguirían en Bueu, Manuel Agulla, Francisco Fernández e José M^a García, entanto que dos tres ferreiros de Cela non se dá máis noticia.

Na altura de 1906 xa se denominan ferreiros-cerralleiros, exercendo Manuel Agulla, Francisco Fernández, Francisco Fernández Agulla (fillo do anterior) e Perfecto García que sustitúe ao seu pai José María. Cara a 1910 aos tres exercentes vai unírselle Benito Fazano, continuando estes catro ferreiros varios anos.